

# INSTRUCCIÓN RELATIVA Á APLICACIÓN DO ARTIGO PRIMEIRO, APARTADO VINTE E DOUS, DO REAL DECRETO 658/2024, DO 9 DE XULLO, POLO QUE SE MODIFICA, ENTRE OUTROS, O REAL DECRETO 659/2023, DO 18 DE XULLO.

**ÓRGANO EMISOR:** Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego.

## INTRODUCCIÓN

A Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional, estableceu un novo marco normativo que ten por obxectivo a constitución e ordenación dun sistema único e integrado de formación profesional.

O Real decreto 659/2023, do 18 de xullo, desenvolve a ordenación do Sistema de formación profesional, establecendo, na súa disposición transitoria primeira, que mentres non se proceda regulamentariamente á súa modificación, permanecerá vixente a ordenación dos certificados de profesionalidade recollida en cada un dos reais decretos polos que se establecen e a súa oferta quedará integrada nos graos C do Sistema de formación profesional coa denominación de certificados profesionais.

Así mesmo, na súa disposición transitoria sexta, relativa ao período de adaptación da formación en empresa, habilitase un período transitorio ata o 31 de decembro de 2024 para a adecuación da duración actual do período de formación en empresa ao previsto na Lei Orgánica 3/2022, de 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional e no Real decreto 659/2023 para cada unha das ofertas de Formación Profesional

A posterior publicación do Real decreto 658/2024, do 9 de xullo, modificou, entre outros aspectos, determinados criterios contidos no Real Decreto 659/2023. Así, no seu artigo primeiro, apartado vinte e dous, engádense os seguintes subapartados:

*"2. A los efectos previstos en el apartado anterior, cualquier referencia hecha a «módulo formativo», «capacidades» o «unidad formativa» deberá entenderse hecha a «módulo profesional», «resultados de aprendizaje» y «bloque formativo», respectivamente.*

*3. Una vez agotado el periodo transitorio a que se refiere la disposición transitoria sexta, el módulo de prácticas profesionales no laborales que formaba parte de la extinta ordenación de los certificados de profesionalidad establecidos al amparo del Real Decreto 34/2008, de 18 de enero, será suprimido en favor de unos de los regímenes de dual a que se refieren los artículos 71 y 72 del presente real decreto. Para ello, la duración del módulo de prácticas profesionales no laborales se distribuirá proporcionalmente al número de horas entre el resto de los módulos profesionales que conforman el certificado profesional, manteniendo la duración total de la acción formativa. Los porcentajes para la estancia en empresa u organismo equiparado se calcularán respecto del total de la duración del antiguo certificado de profesionalidad.*

*4. En todo caso, antes del inicio de la estancia en empresa u organismo equiparado, deberá garantizarse que el alumnado haya cursado la formación correspondiente para alcanzar las*





*competencias necesarias para el desempeño de las funciones de nivel básico en Prevención de Riesgos Laborales, establecidas en el artículo 35 del Real Decreto 39/1997, de 17 de enero, por el que se aprueba el Reglamento de los Servicios de Prevención, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 153.2.d) del presente real decreto. Para ello, en aquellos certificados profesionales que no contaran en su ordenación con un módulo profesional o bloque formativo de riesgos laborales, deberá incluirse, en cualquiera de los restantes módulos profesionales, a criterio del centro de formación profesional, el Resultado de Aprendizaje 2 del anexo V del presente real decreto"*

Para os efectos de aplicar a citada disposición transitoria e mentres non se aproben e publiquen os reais decretos polo que se establezan e regulen os certificados profesionais, e se fixen os aspectos básicos do currículo e as ofertas de graos B e A incluídas no correspondente certificado profesional, dítase a seguinte

## INSTRUCCIÓN

1. A formación en empresa terá unha duración mínima do 25 por cento da duración total prevista do certificado profesional.
2. Naqueles certificados profesionais vixentes para os que o tanto por cento de horas de formación profesional sexa inferior á porcentaxe citada no punto 1, procederase a incrementar o número de horas de formación en empresa ata acadar o tanto por cento mínimo establecido.
3. Para todos os certificados profesionais, a duración do período de formación en empresa distribuirase proporcionalmente ao número de horas entre o resto dos módulos profesionais que conforman o certificado.
4. A redistribución das horas de formación en empresa citadas nos puntos 2 e 3 non suporá un aumento do número de horas totais do certificado e será realizada e recalculada de oficio por parte da Administración no momento de presentar unha solicitude de subvención ou de autorización para impartir unha oferta do sistema de formación profesional.
5. Con anterioridade ao inicio da formación en empresa, o alumnado deberá ter cursado a formación correspondente para acadar as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en Prevención de Riscos Laborais
6. Esta instrución será de aplicación a todas aquelas solicitudes que se presenten a partir do 1 de xaneiro de 2025 e estará vixente até a publicación e entrada en vigor dos novos reais decretos reguladores dos certificados profesionais e as ofertas de graos B e A incluídas nos mesmos.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital  
A directora xeral de Formación e Cualificación para o Emprego  
Zeltia Lado Lago

